



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



CAMPIONATO AUTONÓMICO SALMÓNIDOS MOSCA COUTO DE PONTELIÁRES, RÍO LIMIA

DÍAS 14 e 15 DE MAIO DE 2022

PROGRAMA (Para ámbolos días)

07:30 horas	Recepción dos participantes no escenario da proba. Control de temperatura. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:30 “	Inicio da 1ª manga
10:30 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:15 “	Inicio segunda fase
13:15 “	Fin da 1ª manga. PAUSA
15:15 “	Inicio da 2ª manga
17:15 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
18:00 “	Inicio segunda fase
20:00 “	Fin da competición.
20:00 a 20,30	Entrega de plicas

Publicación da clasificación. Na segunda xornada proclamaranse os seis deportistas ascendidos ao selectivo 2022 e farase a entrega de trofeos.

BASES

O deportista, só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ao control, deberá facer uso dun redofol ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas aos seus respectivos tramos.

A reunión do Pescador co control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.

Serán válidas tódalas capturas. Aquelas que acaden un tamaño igual ou inferior aos 16 cm, medidos dende a punta do fociño ata a punta do rabo, contabilizarán coma de 16 cm. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares de máis de 17 cm e que non superen os 18 puntuarán coma de 18 cm. E así sucesivamente.

Material permitido:

- **Canas.** Libres, de uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).
- **Carretes.** De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina xiratoria.
- **Liñas.** Cola de rata de calquera composición ou forma das habituais do mercado, cunha lonxitude mínima de 22 metros e cun diámetro mínimo de 0,55 mm incluíndo o recubrimento.
- **Baixos de Liña.** Sinxelos, de lonxitude como máximo dúas veces a lonxitude da cana, anoados ou sen nós, e cónicos ou cilíndricos. Non se poderán engadir ao baixo de liña mecanismos de afundimento ou flotación. Os baixos de liña non poden ter elementos adicionais adheridos ao mesmo distintos aos codais que soporten os reclamos. Estes codais deberán ir fixados ao baixo de liña, anoados ao mesmo ou mediante micro argolas ríxidas sen sobranse ningún, e deberán ter una lonxitude mínima de 5 cm. dende o baixo de liña ata a argola ou paleta do reclamo empregado (mosca, streamer, etc...). Os codais dos reclamos fixaranse ao baixo de liña de modo que non poidan deslizarase ao longo do mesmo.

Permítese:

- O uso de liñas flotantes e de afundimento
- O final da liña o uso dunha lazada para conectalo baixo de liña.
- As moscas lastradas, sempre e cando o lastre quede oculto polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal.
- Unha única perla ou boliña visible no anzol. A dimensión máxima desa perla non pode exceder dos 4 mm.
- Un máximo de tres moscas: Cando se empregue mais dunha, a distancia mínima entre moscas será de 50 centímetros, medidos cando estas penduren libremente.
- O uso de "streamer" e as moscas artificiais flotantes ou afundidas que imiten calquera das fases do ciclo vital do insecto imitado (larva, ninfa, sub-imago e imago), montadas sobre anzois simples.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Non se permite.

- As cabezas disparadoras ou lanzadoras.
- Engadir pesos e dispositivos ou materias flotantes ás liñas de pesca nin indicadores de picada.
- O uso de liñas de corpo chumbado.
- O uso de imitacións que desprendan colorantes ou olores.
- Os anzois con arponciño ou lingüeta. Son válidos os anzois que teñan totalmente inutilizado o arponciño ou lingüeta, de modo que non ofrezan resistencia algunha á retirada.

Ao longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun deportista.

O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.

Os seis primeiros deportistas clasificados obterán praza no vindeiro campionato selectivo da especialidade. No caso de que algún deses seis postos o ocupase un deportista que xa teña praza no selectivo, correrase a clasificación tantos postos coma deportistas do selectivo ocupen esas prazas. En ningún caso ascenderán máis, nin menos, de seis deportistas.

O campión autonómico obterá praza directa na selección galega que represente a Galicia no campionato nacional da especialidade 2023.

Para calquera outra norma non descrita nestas bases aterémonos ao regulamento da FEPYC.

Os clubs deberán de inscribir aos seus deportistas exclusivamente ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org ata a data linde do 1 de maio de 2022 ás 14,00 horas.

Os deportistas convocados para esta competición son os que se relacionan no ANEXO I destas bases.

Para participar será imprescindible ter a tarxeta federativa do ano en curso e licenza de pesca fluvial en vigor.

Tanto os deportistas participantes coma os clubs polos que participen, teñen que estar ao corrente das súas obrigas coa FGPeC.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Na última manga do 2º día tanto o deportista que pesque un tramo coma o deportista que o controle, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. Os que pesquen ou controlen o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de fin de tramos. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán o un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán o dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto ao pescador coma ao control.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org) O incumprimento das normas COVID suporá a inmediata expulsión da proba.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

Asinado: Javier Méndez Alonso
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



ANEXO I

DESCENDIDOS SELECTIVO 2021

- Alberto Mera Torrente
- David Rodríguez Estévez (Librea)
- Francisco Javier García Romeu (Rio Deza)
- Miguel Corcobado Pagán (Rio Deza)
- Alberto Luengo Rodríguez (Dánica)
- Miguel Angel Montoto Vázquez (Río Deza)

CLASIFICADOS PROVINCIAIS 2021

- David Arcay Fernández (Salmo)
- Jesús Francisco Bolaño García (Barbanza)
- Alberto Vicente Casas (Fario)
- José Manuel Socastro Gens (W Latorre)
- Jorge García Duarte (Xallas)
- José Luís Vilasuso Paz (As Pontes)
- Vicente Pico Anidos (As Pontes)
- Alberto González Bóveda (Barbanza)
- Miguel Caaveiro de Bernardo (As Pontes)
- Alejandro Pérez Trebolle (Rio Neira)
- Luís Sandamil Cabana (Amigos do Miño)
- Francisco Javier Marquez Alvarez (Dánica)
- Iván López Buján (Rio Neira)
- Raúl Sánchez Iglesias (Rio Neira)
- Marcos Cupeiro López (Rio Neira)
- Emilio José González Berjara (Dánica)
- Oscar Díaz Sotelo (ADPF)
- David Seco Bellas (ADPF)
- Miguel Angel Viejo Carnicero (ADPF)
- Oscar Rodríguez Moure (Librea)
- Tomás Araújo Romano (Spinning Valdeorras)
- Samuel Ramos Valcarcel (ADPF)
- Amancio Veiga González (Rio Deza)
- Juan José Moimenta Prieto (Rio Deza)
- Jesús Amboage Vite (Rio Ulla)
- José García Romeo (Rio Deza)
- David Framiñán Mundín (Rio Deza)
- Fernando Lorenzo Corral (Rio Deza)